



O Parlamento de Galicia e maila Asociación de exparlamentarios retoman a próxima semana en Santiago un ciclo de charlas para alumnos de Secundaria

- **A iniciativa xurdiu na pasada lexislatura a instancias da presidenta do Parlamento e a Asociación de exdeputados da Cámara galega e permitiu celebrar 40 charlas entre 2011 e 2012**

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2013.- O Parlamento de Galicia e a Asociación de exparlamentarios emprenden de novo o vindeiro mércores 17 de abril o ciclo de charlas itinerantes iniciadas na pasada lexislatura co obxectivo de explicar o funcionamento da Cámara autonómica aos estudantes de secundaria en diferentes institutos da Comunidade Autónoma.

Esta iniciativa retómase coa exitosa experiencia das 40 charlas-coloquio celebradas durante os anos 2011 e 2012, organizadas a instancias da presidenta do Parlamento de Galicia e a Asociación de exdeputados da Cámara galega.

A primeira das charlas programadas na actual lexislatura celebrárase no IES Arcebispo Xelmírez II, en Santiago de Compostela.

Os centros participantes tamén reciben do Parlamento un lote de libros para as súas bibliotecas.

Con esta actividade, o Parlamento de Galicia quere promover o interese da mocidade galega pola vida política e as principais institucións da Comunidade autónoma.



Estas charlas enmárcanse na estratexia de divulgación do Parlamento de Galicia que inclúe outras iniciativas como o Concurso Escolar, o programa de visitas guiadas á sede da institución ou a edición de material bibliográfico específico para o público infantil e xuvenil.

Calquera centro educativo interesado en acoller unha actividade deste tipo pode contactar co Parlamento de Galicia para solicitalo.

Previsión informativa:

- **Lugar:** IES Arcebispo Xelmírez II. Rúa Irmandiños, nº 15. Santiago de Compostela.
- **Data e hora:** 17/04/2013, 12:30 h.
- **Asistentes:**
 - D.^a Ascensión Yeguas Sánchez (PP)
 - D. Luís M.^a Tojo Ramallo (PSdG-PSOE)
 - D. Xesús Manuel Veiga Buxán (BNG)

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia